

**FORCAREI**

## A N U N C I O

En cumprimento do disposto no apartado 3º do artigo 8 do Decreto 133/2008, de 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese a información pública o expediente nº AC-9/11-735, que se tramita neste Concello a instancia de D. MANUEL MIGUEZ FILLOY, para a **INSTALACIÓN DUNHA Balsa para Almacenamento de Purín** na veiga “Pica”, no lugar de Nercellas (Pereira), neste termo municipal. Durante o prazo de vinte (20) días, contados a partir do seguinte ó da última das publicacións deste edicto que se farán unha no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Pontevedra e outra no Diario Oficial de Galicia (DOG), o expediente atópase a disposición do público nas oficinas municipais co fin de que, aquelas persoas que de algún modo se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar poidan formular por escrito as reclamacións ou observacións que estimen oportunas.

Forcarei, 27 de marzo de 2012. — A Alcaldesa, Belén Cachafeiro Anta.

**2012003350**

\* \* \*

**O GROVE**

## E D I C T O

De conformidade co establecido no art. 59.4 de da Lei 30/92, de 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, faise pública a notificación da resolución que a continuación se indica ao seguinte interesado, xa que habéndose intentado a notificación no seu último domicilio coñecido esta non se puido practicar:

INTERESADO: EUGENIO CASAL PAZOS

DOMICILIO: Monteporreiro – Poio (Pontevedra)

*“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA*

O Grove 17 de febreiro de 2012

Vistos os informes emitidos en relación cos seguintes antecedentes:

*Asunto* Parcela de terreo que se desmonta pola diferenza de nivel coa vía pública e ofrece perigo

*Interesado* EUGENIO CASAL PAZOS

*Situación* Rúa Extremadura 8, Sineiro

*Antecedentes:*

Constan no expediente informes do encargado de obras e servizos e do enxeñeiro de edificación municipal, nos que se aprecia que a parcela citada está desmontándose ao bordo da calzada, deixando á vista e suspendidas en parte as canalizacións de auga e saneamento o cal constitúe un perigo certo tanto para os bens municipais como para terceiros.

*Fundamentos de dereito:*

Artigo 199, en relación co artigo 9, da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, onde se establece a obriga dos propietarios de terreos de mantelos, en condicións de seguridade, salubridade e ornato público.

De conformidade cos antecedentes e fundamentos de dereito examinados,

**R E S O L V O :**

1. Iniciar expediente administrativo sobre orde de execución para esixir a adopción de medidas de seguridade respecto do terreo citado, dando traslado ao interesado de copia dos informes obrantes no expediente.

2. Poñer de manifesto ao interesado o expediente en trámite de audiencia por prazo de dez días hábiles a contar dende o recibo desta notificación, durante o cal poderá alegar e presentar os documentos e xustificantes que estime pertinentes.

3. Advertir á propiedade, que as actuacións administrativas ou a adopción de medidas de urxencia pola administración, non a exime das responsabilidades de todo orde en que puidese incorrer”

O Grove, 26 de marzo de 2012.—O alcalde, Miguel Angel Pérez García.

**2012003360**

**A N U N C I O**

Aprobada definitivamente, por non presentarse reclamacións na súa contra, a ORDENANZA MUNICIPAL DE VAOS PARA A ENTRADA E SAÍDA DE AUTOMÓBILES E RESERVAS DE ESTACIONAMENTO, que fora aprobada inicialmente polo Pleno municipal na sesión que tivo lugar o 26 de xaneiro de 2012, publíquese o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia.

Edítase para xeral coñecemento e faise constar que contra o acordo e a ordenanza aprobada pódese interpor recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, que comezarán a contar desde a data desta publicación.

**ORDENANZA MUNICIPAL DE VAOS PARA A ENTRADA E SAÍDA DE AUTOMÓBILES  
E RESERVAS DE ESTACIONAMENTO****Í N D I C E*****EXPOSICIÓN DE MOTIVOS  
TÍTULO I: DISPOSICIÓN XERAIS***

- Artigo 1. Definicións
- Artigo 2. Suxeición a licenza municipal
- Artigo 3. Clases de vaos e reservas
- Artigo 4. Prohibición de estacionamento

***TÍTULO II: PROCEDIMENTO***

- Artigo 5. Solicitantes
- Artigo 6. Requisitos
- Artigo 7. Documentación
- Artigo 8. Tramitación
- Artigo 9. Denegación

***TÍTULO III: RÉXIME XURÍDICO***

- Artigo 10. Dereitos e deberes do titular da licenza municipal
- Artigo 11. Realización das obras
- Artigo 12. Sinalización da reserva